

SEMANA DAS LETRAS GALEGAS 2021

Como todos os anos celebramos a **Semana das Letras Galegas**. Este 17 de maio está dedicado a **Xela Arias**, que foi unha escritora, tradutora, editora e mestra nada en Sarria (Lugo).

ACTIVIDADES REALIZADAS:

- **Revista escolar Orballo.** Edición do nº 62 da nosa revista.
- **Expo-Xela.** Exposición de carteis sobre a vida e obra de Xela Arias Castaño facilitados polo Seminario Galán no corredor de entrada ao colexio.
- **Elaboración dun Maio e recitado de coplas.** Confección dun Maio a cargo da profesora de Relixión coa colaboración do alumnado e recitado de coplas dos alumnos de 5º e 6º curso de E.P.
- **Menús de gastronomía Galega no comedor escolar** (mércores 12, xoves 13 e venres 14 de maio) coa elaboración de menús galegos por parte do persoal de comedor para eses días.
- **Decoración das paredes do comedor escolar** con pósters de pratos cocinados incluídos no menú escolar ao longo do curso.
- **A nosa palabra galega favorita do curso.** Publicación na web do centro e no blog do Equipo de Dinamización da Lingua Galega da palabra galega favorita elixida neste curso. Decoración das paredes do pavillón polideportivo reflectindo a palabra elixida e unha ilustración da mesma.
- **Realización de diferentes actividades nas titorías** ao redor da figura de Xela Arias e da celebración do Día das Letras Galegas.



Xela Arias

ACTIVIDADES A REALIZAR (E. DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA EN COLABORACIÓN CO E. DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESC.) NESTE 3º TRIMESTRE:

- **Visita ás parroquias.** Saída por titorías para coñecer as parroquias de Ove, Vilaselán e Ribadeo.
- **Intercambios culturais educativos virtuais.** Intercambio dos alumnos/as de 3ºB e 6ºC co alumnado do CEIP Plurilingüe A Gándara (Monforte de Lemos) e dos alumnos/as de 4ºC co alumnado do CEIP Pedro Caselles Rollán (Xove). Estes intercambios incluírán correspondencia postal e electrónica, videoconferencias e un xogo de pistas para investigar e recoñecer os lugares máis representativos e os personaxes máis emblemáticos destes concellos.